



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

AO PLENO DA CORPORACIÓN

A voceira do grupo municipal da Marea Atlántica, María García, en virtude do dereito que lle confire o Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre os parques.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As zonas verdes constitúen un recurso de primeira orde para o benestar da poboación nas cidades. Teñen unha relación directa coa saúde física e emocional das persoas. Os parques e os xardíns fan os barrios máis habitables, melloran a paisaxe, proporcionan espazos libres de lecer e de encontro e facilitan o contacto coa natureza e os ciclos da vida.

Dende a perspectiva da ecoloxía e do pacto verde europeo, o manexo da vexetación e dos espazos naturais constitúe unha das principais estratexias de loita e adaptación ao cambio climático. A vexetación fixa CO₂, modera as temperaturas, reduce a contaminación atmosférica e a percepción de ruído, incrementa a biodiversidade e axuda a regular o ciclo da auga.

Ademais, o mantemento e conservación de zonas verdes é un servizo esencial de competencia municipal, que emprega a moitas persoas e ao que os Concellos destinan abundantes recursos económicos. A importancia do mantemento e mellora das zonas verdes é, polo tanto, clave.

O actual contrato de conservación de parques e xardíns remata o vindeiro mes de xuño e a concellería de Medio Ambiente informa de que está a traballar nos novos pregos técnicos e administrativos. Con todo, a información dispoñible sobre as novas condicións de prestación do servizo é moi escasa, malia que as decisións que se tomen agora excederán o período deste mandato estarán vixentes varios anos.

A vindeira licitación do servizo de mantemento de zonas verdes é unha oportunidade de mellora e de integrar a experiencia dos diferentes axentes, entre os cales a plantilla de traballadoras e traballadores pode aportar unha visión moi relevante sobre a realidade diaria no mantemento dos parques e xardíns.

A plantilla está preocupada pola división en lotes que prevé a concellería para o novo contrato. Entenden que unha lotificación zonal, e non funcional (en base a tarefas



específicas) tería consecuencias negativas nas súas condicións de traballo, repercutindo ademais nun encarecemento do servizo ao ter que multiplicar maquinaria de uso común.

A plantilla reclama ademais que se garanta a presenza dun número mínimo de traballadores diario, obrigando á concesionaria a cubrir baixas e vacacións. As condicións laborais e salariais no desempeño das mesmas tarefas deben ser equiparadas, e debe actualizarse a ratio e traballadores por m² de zonas verdes, xa que a superficie de zonas verdes na Coruña medrou, pero as planillas non.

A xestión do arborado urbano é delicada para veciñanza, pero tamén para o persoal e para o propio arborado, por iso precisa en todo caso de persoal especializado. A maquinaria e ferramenta debe ser de calidade para garantir en todo caso a eficaz execución dos traballos en condicións de seguridade.

O novo servizo de mantemento debe corrixir tamén os problemas detectados no contrato anterior, como foi a adxudicación e valoración de ofertas que só contemplaba criterios económicos e non a calidade da proposta. As empresas ofertaron unha bolsa de fondos para traballos de mellora a maiores do mantemento rutineiro nas zonas verdes que foi tamén fonte de problemas. A empresa adxudicataria dos lotes 1, 2 e 3 ofertou 3,3 millóns de euros anuais para traballos de medición e mellora, poñendo en risco a viabilidade do servizo dende o seu inicio, motivo polo cal foi obxecto de diversas sancións e penalidades.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal da Marea Atlántica somete á consideración do pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao goberno municipal a:

-Publicar o borrador dos pregos técnicos e administrativos do vindeiro contrato de mantemento e conservación das zonas verdes para recabar achegas antes de iniciar a licitación.

-Incorporar ao deseño do servizo de mantemento de zonas verdes criterios que combinen o fomento do uso público, a potenciación da función ecolóxica dos parques e xardíns e o clausulado social que garanta condicións laborais dignas na plantilla.

-Dialogar coa plantilla na procura dunha solución conciliadora do reparto por lotes: por unha banda, facilitando a participación de pequenas e medianas empresas e da economía social no concurso, e por outra banda evitando desbaldir recursos municipais multiplicando innecesariamente infraestrutura e camiñando cara a equiparación dos dereitos laborais do persoal adscrito ao servizo.



-Acreditar a execución do 100% dos fondos dispoñibles na bolsa de traballos de medición e mellora das anualidades 2019 e 2020 para os lotes 1,2,3 e 4.

A Coruña a 5 de abril de 2021

María García Gómez

Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica